



.....

Xornada

Os cruceiros góticos de Galicia

A unha voz na metade do Reino

.....

Centro Sociocultural Mingos de Pita
Melide
30 de novembro de 2022



O 4 de decembro de 2020 conmemoramos o quinto centenario dun acontecemento de gran relevancia histórica: a asemblea de cabaleiros e prelados do Reino de Galicia reunidos en Melide para facerlle chegar unha serie de peticións ao monarca Carlos I en nome dos señores galegos. Da celebración derivou a obra colectiva *A unha voz na metade do Reino*. Cincocentos anos da Xunta de Melide, que foi presentada no mesmo lugar e data no ano seguinte e á que se pode acceder libremente no catálogo de publicacións do Consello da Cultura Galega.

Por isto, dende o Museo da Terra de Melide, xurdiu a idea de realizar cada ano nesa altura unhas xornadas dedicadas a fomentar e divulgar diversos aspectos culturais, históricos, artísticos e patrimoniais enmarcados na Baixa Idade Media e nos inicios da Idade Moderna, de interese para toda Galicia e nos que Melide, na súa centralidade, tivese certo protagonismo. Este ciclo de periodicidade anual ten como título *A unha voz na metade do Reino* e bota a andar da man do Consello da Cultura Galega, coa colaboración do Museo da Terra de Melide e o apoio do Concello de Melide.

A xornada de 2022 centra a atención nos cruceiros góticos de Galicia, dos que só se documentan dezanove exemplos. Os especialistas consideran que en Melide se conserva o máis antigo dos recoñecidos ata hoxe.

O obxectivo da xornada é poñer de relevo o conxunto “Cruceiros Góticos de Galicia” e dar a coñecer estas xoias patrimoniais, existentes antes das ideas contrarreformistas xurdidas en Trento, que logo fixeron proliferar a erección de cruceiros. O programa centrarase na análise e explicación destas pezas patrimoniais, que revisten unha importancia capital tanto no conxunto monumental da nosa terra como na mentalidade colectiva.

Programa

18:00 horas
Presentación

18:15 horas
Os cruceiros góticos galegos
Fernando Arribas

18:45 horas
O cruceiro gótico do Home Santo de Santiago de Compostela
Clodio González Pérez

19:15 horas
Dous cruceiros góticos da Costa da Morte: o de Fisterra e o dos Santos ou de Cheis (Bamiro, Vimianzo)
Xosé María Lema

19:45 horas
O cruceiro de Melide, o máis antigo de Galicia
Xurxo Broz Rodríguez

20:15 horas
Debate

Organiza

Consello da Cultura Galega

Colabora

Concello de Melide

Museo da Terra de Melide

Lugar

Centro Sociocultural Mingos de Pita

Rúa Galicia, 16-20

Melide (A Coruña)

Máis información

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

Organiza:



Colaboran:

